

Quedades convidados aos eventos:

-Visita a exposición

-Participación no concurso de monólogos DE  
BOCA EN BOCA

**Tema:** monólogos cómicos en galego sobre ditos  
e refráns galegos.

Duración máxima de cada monólogo: 3´

**Tres categorías:**

-1º ciclo da ESO (1º e 2º curso)

-2º ciclo da ESO (3º e 4º curso)

-Bacharelato e ciclos formativos.

Para preparar o monólogo, consultade esta  
ligazón: <http://disomosid.blogaliza.org/>

**PREMIOS**, para todas as categorías:

1º premio: un netbook.

2º premio: un MP3

**Cando:** Xoves 14 de abril, ás 19:00 h.

**Lugar:** Salón de actos do edificio da Fundación  
Novacaixagalicia, Cantón Grande, 21.

Contemplando as imaxes pódese  
recrear o mundo do dito, e temos a  
oportunidade de recrear ou crear un  
novo universo do que queremos, a  
través do que dicimos.

**Organiza:**

I.E.S. Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Tel.: 981 203 000

[ies.menendez.pidal@edu.xunta.es](mailto:ies.menendez.pidal@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmenendezpidal/>

**Colabora:**



**Concello da Coruña**  
Concellaría de Mocidade, Solidariedade e  
Normalización Lingüística

# DI SOMOS ID: O DITO



## FOTOGRAFÍAS DE RAÚL VÁZQUEZ

Do 15 de marzo ao 14 de abril

Casa Museo Casares Quiroga.  
Rúa Panadeiras, 12, A Coruña

# DI SOMOS ID

Somos o I.E.S. Ramón Menéndez Pidal, Zalaeta, da cidade da Coruña, queremos continuar co noso proxecto sobre a nosa identidade galega titulado: "Di somos id". A súa orixe é a constatación dunha chea de prexuízos sociolingüísticos que impiden o devir da nosa lingua, e pensamos que xuntando lingua e expresión plástica contemporánea, poderíamos contribuír a súa superación.

Tomamos como fío condutor a segunda parte da triloxía "Di somos id", titulada "O dito". Nesta exposición fotográfica, o autor galego Raúl Vázquez, convidanos a contemplar imaxes inspiradas en ditos e refráns galegos, para así chegar á reflexión de que somos o que somos, somos o que dicimos e neste dicir, nós, como individuos e comunidade, podemos reinventarnos e darlle novos matices, recrear a nosa identidade dun xeito máis atractivo. Moitas grazas pola vosa colaboración.

## QUEDADES CONVIDADOS:

Todos os IES da cidade e da bisbarra a:

- Visitar a exposición do 15 de marzo ao 14 de abril na Casa Museo Casares Quiroga.
- Anotar no libro de visitas as impresións, suxestións, pensamentos...etc.

## ACTIVIDADES NO I.E.S. RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL:

- Visita á exposición de todos os grupos.
- 1º ciclo e 2º ciclo de E.S.O.: creación dun monólogo cómico de 3 minutos sobre un refrán ou dito galego.
- Bacharelato e ciclos formativos: debates na aula sobre os ditos e os refráns, reiventándoos.
- Participación no concurso de monólogos cómicos: DE BOCA EN BOCA

